

Xubilación anticipada por vontade do traballador

24 de xaneiro de 2018

Un traballador ou traballadora, polo motivo que sexa, pode decidir adiantar de forma voluntaria a súa idade de xubilación. Pero debe saber que para iso debe cumprir unhas determinadas condicións e que ademais verá recortada a súa pensión.

Condicións:

- Ter cumprida unha idade que sexa inferior en dous anos, como máximo, á idade esixida* que resulte de aplicación en cada caso.
- Atoparse en alta ou situación asimilada á alta.
- Acreditar un período mínimo de cotización efectiva de: 35 anos, sen que, a tales efectos, se teña en conta a parte proporcional por pagas extraordinarias nin o abono de anos e días de cotización por cotizacións anteriores a 01-01-1967. A estes exclusivos efectos, só computarase o período de prestación do servizo militar obrigatorio ou da prestación social substitutoria, co límite máximo dun ano.
- Do período de cotización, polo menos 2 anos deberán estar



comprendidos dentro dos 15 inmediatamente anteriores ao momento de causar o dereito ou ao momento en que cesou a obrigaón de cotizar.

Ano	Períodos cotizados	Idade esixida*
2018	36 anos e 6 meses ou máis	65 anos
	Menos de 36 anos e 6 meses	65 anos e 6 meses
2019	36 anos e 9 meses ou máis	65 anos
	Menos de 36 anos e 9 meses	65 anos e 8 meses
2020	37 anos ou máis	65 anos
	Menos de 37 anos	65 anos e 10 meses
2021	37anos e 3 meses ou máis	65 anos
	Menos de 37 anos e 3 meses	66 anos
2022	37 anos e 6 meses ou máis	65 anos
	Menos de 37 anos e 6 meses	66 anos e 2 meses
2023	37 anos e 9 meses ou máis	65 anos
	Menos de 37 anos e 9 meses	66 anos e 4 meses
2024	38 anos ou máis	65 anos
	Menos de 38 anos	66 anos e 6 meses
2025	38 anos e 3 meses ou máis	65 anos
	Menos de 38 anos e 3 meses	66 anos e 8 meses
2026	38 anos e 3 meses ou máis	65 anos
	Menos de 38 anos e 3 meses	65 anos e 10 meses
2027	38 anos e 6 meses ou máis	65 anos
	Menos de 38 anos e 6 meses	67 anos

Recorte da pensión, contía

A contía da pensión determínase aplicando á base reguladora a porcentaxe xeral que corresponda en función dos anos cotizados e o coeficiente reductor que corresponda.

- Coeficiente do 2 por 100 por trimestre cando se acredite un período de cotización inferior a 38 anos e 6 meses.
- Coeficiente do 1,875 por 100 por trimestre cando se acredite un período de cotización igual ou superior a 38 anos e 6 meses e inferior a 41 anos e 6 meses.

- Coeficiente do 1,750 por 100 por trimestre cando se acredite un período de cotización igual ou superior a 41 anos e 6 meses e inferior a 44 anos e 6 meses.
- Coeficiente do 1,625 por 100 por trimestre cando se acredite un período de cotización igual ou superior a 44 anos e 6 meses

Exemplo:

No presente ano, 2018, un traballador ten 64 anos e 36 meses cotizados e decide xubilarse anticipadamente (lémbrese que a idade mínima son 65 anos).

Este traballador ten unha media das bases de cotización de 2500€, polo que a súa base reguladora sería de 2.142'86€. É dicir, se tivese 65 anos cobraría de pensión 2.142'86€, pero como se xubila un ano antes e ten menos de 38 anos e 6 meses cotizados hai que restarlle un 2% por cada trimestre, é dicir un 8% (polos 4 trimestres do ano que lle faltan para os 65). O 8% son 171'42, polo tanto cobraría: $2.142'86 - 171,43 = \mathbf{1971'43€}$

O límite máximo de percepción das pensións públicas, tanto das que se causen en 2018 como das que estivesen xa causadas ao 31 de decembro de 2017, ben se perciban soas ou en concorrencia con outras, será durante 2018: 2.580,13 euros mensuais, sen prexuízo das pagas extraordinarias que puidesen corresponder ao titular, cuxa contía está afectada, tamén, polo citado límite. 36.121,82 euros anuais.

Advertencia importante para as mulleres:

As mulleres que tivesen ou adoptasen fillos non terían dereito baixo esta modalidade de xubilación ao complemento da pensión por maternidade. Dito complemento consiste nun importe equivalente ao resultado de aplicar unhas porcentaxes que estará en función de número de fillos:

- a) 2 fillos : 5 por cento
- b) 3 fillos: 10 por cento
- c) 4 ou máis fillos: 15 por cento

Se tes algunha dúbida, consúltanos

Xuntos podemos máis

SNEP

(Sindicado Nacional de Ensino Privado)

Pontevedra

Pasantería 1, 1º
Telf 986 858 413
pontevedra@feteugtgalicia.es

Arousa

Rúa Castelao 22, Baixo
Telf. 986 511 213
arousa@feteugtgalicia.es

Vigo

García Barbón 67
Telf 886 132 759
vigo@feteugtgalicia.es

Lugo

Ronda da Muralla 58, 1º
Telf 982 221 854
lugo@feteugtgalicia.es

Ourense

Parque San Lázaro 12, 1º
Telf. 988 237 790
ourense@feteugtgalicia.es

A Coruña

Avda. Fernández Latorre 27, 3º
Telf 981 24 84 71
acoruna@feteugtgalicia.es

Santiago

Miguel Ferro Caaveiro 12, 1º
Telf: 981 573 634
compostela@feteugtgalicia.es

Ferrol

Rúa do Carme 43-45, 2º
981 359 131
ferrol@feteugtgalicia.es